

CIRCULAR 136/2024

CICLO FINAL DO CURSO DE TÉCNICO DEPORTIVO EN ATLETISMO

Centro de Formación Atletismo Galego

A Xunta Directiva da FGA aprobou a seguinte convocatoria da **TITULACIÓN OFICIAL DE TÉCNICO DEPORTIVO EN ATLETISMO DE GRAO MEDIO** (Ensinanza deportiva oficial de réxime especial, nivel de grao medio de Formación Profesional) **DA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN DA XUNTA DE GALICIA** (válido para toda España).

1. ORGANIZACIÓN

O Centro de Ensino Atletismo Galego, autorizado pola Xunta de Galicia, convoca o **ciclo final do curso de Técnico Deportivo en Atletismo para o curso 2024/2025.**

1.1. Condicións para a realización do curso

Número de prazas: ata un máximo de **30 prazas** por grupo.

O número de estudantes non poderá ser inferior a dez alumnos.

O lugar de desenvolvemento do curso será na Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física da Universidade da Coruña (INEF Galicia) en Oleiros (A Coruña)

1.2. Requisitos de acceso do alumnado

Ter superado o Ciclo Inicial (Nivel I) destes estudos.

No caso de que houbera estudantes doutras comunidades terán que abonar as taxas da Xunta de Galicia correspondente á apertura do expediente. Asemade, terán que entregar copia compulsada da titulación académica e do certificado de superación do Ciclo Inicial de técnico deportivo en atletismo.

NOTA: As persoas con algún tipo de discapacidade deberán certificalo no momento da súa inscrición, presentando o certificado de minusvalía ou recoñecemento de discapacidade.

2. MATRICULACIÓN NO CURSO 2024/2025

Ábrese o prazo de inscrición ate o día el 6 de Agosto de 2024 a través da seguinte ligazón <https://forms.gle/BBjNXYW14FWNjEem7>

CICLO FINAL 2024 - 2025		
Concepto	Federados (1)	Resto de estudantes (2)
Matrícula: BC+BE	750 €	820 €

- (1) Con licenza pola Federación Galega de Atletismo (FGA) nas tempadas 2022,2023,2024.
- (2) En aplicación do convenio asinado entre a UDC e a FGA, terán dun 30% calquera membro da comunidade da UDC no custo da matrícula. Para os estudantes da Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física da UDC a porcentaxe de desconto será dun 50%. O número máximo total de beneficiados por curso será de 10 matriculados/as, na suma total de ambas opcións.
- (3) Non son acumulables os descontos por "Federados" e pertenza á "Comunidade

2.1. Formalizar matrícula (pagos e documentación)

- Prezo total (Bloque Común, Bloque Especifico e Prácticas): 750€.
- Modalidades de pago:
 - **Pago único (ata o 21/08/2024).**
 - Conta bancaria da FGA (ABANCA):

ES82 2080 0068 7830 4001 9194

Os xustificantes de pago e a documentación requirida deberá ser remitida a ensino@atletismo.gal

2.2. Convalidación de módulos

As convalidacións de módulos serán directamente xestionadas polos alumnos. Informarase dos pasos a seguir aos estudantes matriculados que soliciten ditas convalidacións

2.3. Exención de módulos de formación práctica

A solicitude exención de módulos de formación práctica realizarase polo alumno a través da secretaría do centro previa matriculación do alumno.

3. DESENVOLVEMENTO DO CURSO

O total da carga horaria do ciclo final de TDA é de 575 horas. A distribución horaria do curso é a seguinte:

- Bloque común: 160 horas.
- Bloque específico presencial: 215 horas.
- Bloque de formación práctica: 200 horas.

3.1. Formación presencial

- **Calendario provisional de formación presencial:**

As clases presenciais celebraranse entre os meses de setembro (2024) e febreiro (2025). O inicio será o venres 6 de setembro de 2024.

Os módulos presenciais son os seguintes:

- MED-ATAT201: Perfeccionamento técnico en carreiras e marcha
- MED-ATAT202: Perfeccionamento técnico en saltos
- MED-ATAT203: Perfeccionamento técnico en lanzamentos e probas combinadas
- MED-ATAT204: Regulamento
- MED-ATAT205: Adestramento condicional en atletismo
- MED-ATAT206: Organización do atletismo
- MED-ATAT207: Atletismo adaptado

Faltas de asistencia

Faltas de asistencia durante actividades presenciais (entre setembro de 2024 a febreiro de 2025) pode determinar que o alumno non teña dereito á avaliación continua segundo a lexislación vixente. A información ao respecto facilitarase ao alumno ao inicio do curso.

3.2. Formación do Bloque común

Consta de 6 módulos. La formación a distancia se abrirá desde comienzo de curso hasta finales de febrero de 2025. A través de la plataforma virtual. Durante la formación a distancia habrá tutorías presenciais, autoevaluación y un examen presencial de cada módulo. Los módulos a distancia son los siguientes:

- MED-C201: Bases do aprendizaxe deportivo
- MED-C202: Bases do adestramento deportivo
- MED-C203: Deporte adaptado e discapacidade
- MED-C204: Organización e lexislación deportiva
- MED-C205: Xénero e deporte

3.3. Formación práctica (200h)

3.3.1. Requisitos de acceso a la formación práctica

Para poder acceder ao módulo de formación práctica (MED-ATAT 208), será **imprescindible que o alumno teña superado os módulos:**

- MED-C201 Bases do aprendizaxe deportivo
- MED-C202 Bases do adestramento deportivo
- MED-ATAT 201 Perfeccionamento técnico en carreiras e marcha.
- MED-ATAT 202 Perfeccionamento técnico en saltos.
- MED-ATAT 203 Perfeccionamento técnico en lanzamentos e probas combinadas.
- MED-ATAT 205 Adestramento Condicional en Atletismo.

3.3.2. Temporalización e lugar do desenvolvemento do módulo de formación práctica

A formación práctica terá lugar durante os meses de abril, maio e xuño de 2025 a un ritmo de tres sesións semanais, de cinco horas, durante alo menos trece semanas.

3.3.3. Exención total o parcial del módulo de formación práctica

Poderá ser obxecto de exención total ou parcial o módulo de formación práctica do ciclo final, en función da súa correspondencia coa experiencia no ámbito deportivo ou laboral, detallado no seguinte cadro:

MED-ATAT208 práctica	Formación	Experiencia ámbito laboral o deportivo
Exención total Exención parcial		<ul style="list-style-type: none">• Duración: superior a 400 horas• Actividades desenvolva: experiencia relacionada coa competencia xeral do ciclo final de grao medio en atletismo e os resultados de aprendizaxe do módulo de formación práctica. Periodo de tempo no que desenvolveu a actividade: dous anos anteriores á finalización do curso.

A exención total do módulo de formación práctica poderase conceder cando exista unha completa concordancia da experiencia laboral ou deportiva acreditada coa totalidade dos resultados de aprendizaxe do correspondente módulo.

A experiencia laboral acreditarase mediante a certificación da empresa onde teña adquirida dita experiencia, na que conste especificamente a duración do contrato, a actividade desenvolva e o periodo de tempo no que realizouse a actividade. No caso de traballadores por conta propia, exixirase a certificación de alta no censo de obrigados tributarios, cunha antigüidade mínima dun ano, así como una declaración



Centro de Ensinanzas Deportivas (CAD) Atletismo Galego

DOGA: Orde do 26 de xullo de 2021 (publicado o 6 de agosto de 2021)



responsable do interesado das actividades mais representativas.
Facilitarse toda a información ao respecto aos alumnos matriculados.

A Coruña, 24 de Xullo de 2024

Yolanda González Fernández

Secretaria Xeral da Federación Galega de Atletismo